

Acta II Asemblea Xeral da MAREA PONTEVEDRA

Mércores 24 de setembro de 2014 na Alameda

Ábrese a asemblea con 27 persoas, número que crecerá ao longo da mesma

Interveñen os diferentes coordinadores de Áreas para comentar o traballo realizado polas mesmas, coa excepción da área de Cultura, xa que aínda non foi designado, aínda que se dá lectura á acta da súa reunión de traballo igualmente.

ACORDOS

Exponse á asemblea a reorganización das áreas de Sustentabilidade Ambiental e de Urbanismo nunha soa, debido á duplicidade de moitas das súas competencias.

Vótase e apróbase polo 100% de votos positivos, escóllese como coordinador a D. Juan José Guirado

Ratifícase como coordinadora da área de Igualdade a Ángela Rodríguez, de Políticas Sociais a Rocío Baleirón, e de modelo económico a Gabriel Diz.

Propónse e aproba unificar o traballo da área de Cultura coas actividades da Asemblea.

Propónse que cada grupo de traballo acoute o mesmo ás competencias municipais sobre o tema.

Xoán propón a creación dun gabinete de comunicación, apróbase con 30 votos a favor e dúas abstencións.

Entre os seus obxectivos estarían:

- Elaborar libro de estilo
- Partindo da documentación da marea e dos acordos dos seus órganos políticos (assemblea, coordinadora) elaborar e actualizar un argumentario para o conxunto dos membros da marea.
- Definir unha estratexia comunicativa xeral e a súa modulación
- Definir as pautas da comunicación interna
- Elaborar comunicación sobre información da propia Marea
- Elaborar comunicación sobre posicionamento sobre a política local
- Crear un clima de complicidade cos medios de comunicación
- Xestionar a web
- Xestionar as ferramentas de redes que se decidan

Este grupo, voluntario, estará conformado en principio por Xoan Hermida, Bruno Cacheda, Guillermo Casalderrey, Marcos Fontán, Eladio Torres, César Carballo, Patricia Díaz e Ángela Rodríguez.

Noméase co-portavoz con carácter provisional a Angela Rodríguez, co beneplácito da asemblea.

Propónse celebrar unha das seguintes asembleas en Lourizán, co formato de mesa redonda neste caso, co obxectivo de expandirse a outros barrios e parroquias.

Os diferentes grupos comprométense a organizar un calendario de actividades.

Apóíase por unanimidade o apoio público a "Mareas dá dignidade".

Péchase a asemblea con intención de celebrar a seguinte no prazo de tres semanas/un mes.

Exerceu de secretaría de Actas: Cynthia Piña